

TAREFAS SEMANAIS DO 31 DE MAIO AO 4 DE XUÑO

Luns, 31 de maio de 2021.

- 1) Teño 5 euros. Se o luns ás 4:30 da tarde compro uns cromos que valen 2 euros e 50 céntimos. E o martes compro uns cromos que valen 1 euro e 75 céntimos. Cantos cartos me sobran?
- 2) Se a tenda onde compro os cromos abre ás 5 da tarde. Cánto tempo teño que esperar a que abra?

Martes, 1 de junio de 2021.

- 1) Copia ou ditado e fai un debuxo:

Vai a bolboreta
dunha flor para outra,
brinca que te brinca,
voa que te voa,
a bolboretiña
parece una tola.

Voa bolboreta,
bolboreta voa,
voa bolboreta
dunha flor para outra,
voa bolboreta,
bolboreta tola.

María Magdalena Domínguez

Mércores, 2 de xuño de 2021

- 1) Cantas rodas teñen cinco coches e nove bicicletas?
- 2) Coloca e calcula:
 - a) $965+387$
 - b) $268-179$
 - c) 154×6

Xoves, 3 de xuño de 2021

1) Copia ou ditado e fai un debuxo:

Os peixiños teñen

libretiñas verdes

de follas molladas

envoltas en redes.

Don Tiburón

vailles comprar

una pluma verde

para escribi-lo mar.

Canción de Cantareliña

2) Separa correctamente a oración.

Xacomezamosúltimomesdeestecursotanranoperodivertido.

Venres, 4 de xuño de 2021.

1) Cada día almorzo ás 8:30 e tomo o xantar 6 horas e media despois. A que hora xanto?

2) Ditado espacial, comeza na marxe da libreta.

5 cadros dereita, 7 cadros abaixo, 4 esquerda, 6 arriba, 3 dereita, 5 abaixo, 2 esquerda, 4 arriba, 1 dereita, 3 abaixo.

